

## **VOCABULARIO TEMA 11: A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA**

### **(1936-1939)**

- BRIGADAS INTERNACIONAIS: unidades militares formadas por voluntarios estranxeiros, que loitaron na Guerra Civil española contra o fascismo e en defensa do goberno legal da República. Trátase dun caso, sen precedente, de solidariedade internacional, por parte de homes e mulleres que, de forma desinteresada, viñeron a auxiliar ao pobo español, cuxos dereitos e liberdades estaban ameazados polo fascismo español e europeo.
- COMITÉ EUROPEO DE NON INTERVENCIÓN: iniciativa impulsada, en 1936, por Francia e Gran Bretaña, cuxo obxectivo foi evitar a intervención estranxeira na Guerra Civil española. Ao mesmo uníriáanse Alemaña e Italia, e máis tarde ata 27 países europeos, incluída a URSS. Este pacto foi unha gran farsa diplomática, xa que, mentres as potencias democráticas se abstiveron de intervir, Alemaña e Italia apoiaron de maneira decisiva aos sublevados, e a URSS aos republicanos, non respectando os compromisos de non intervención.
- “PASEOS”: tamén chamados “sacas”, foron situacións de violencia ocorridas durante a Guerra Civil española, especialmente nos cárceres da zona nacional, consistentes no traslado e asasinato dos presos.
- “CHECAS”: instalacións utilizadas durante a guerra civil polos milicianos do bando republicano, para deter, xulgar e executar aos sospeitosos de colaborar ou simpatizar co inimigo.

- “13 PUNTOS” DE NEGRÍN: programa político publicado polo Presidente do Goberno durante a Guerra Civil, o socialista Juan Negrín, en 1938, que buscaba a paz negociada cos nacionais, pero nunca a rendición. Foi rexeitado por Franco que, ante a súa situación vantaxosa de cara a gañar a guerra, esixe a rendición incondicional do Goberno da República.
  
- MOVEMENTO NACIONAL: nome que recibiu durante o franquismo o mecanismo de inspiración fascista que pretendía ser o único cauce de participación. Compóñase esencialmente de: un partido único (Falange Española y las JONS), o sindicato vertical, a Ley de Principios del Movimiento Nacional, e todas as institucións do Estado encamiñadas a aglutinar a vida pública e privada española. Na cúspide desta pirámide estaba o propio Franco.